

## **Modificacións da P. D. da materia de TÉCNICAS DE COMPOSICIÓN APLICADAS Á DIDÁCTICA MUSICAL**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de TÉCNICAS DE COMPOSICIÓN APLICADAS Á DIDÁCTICA MUSICAL para o curso 2019-20:

### I. CURSO 6º DE GRAO PROFESIONAL

#### ▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

#### ▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre do curso.

- Construcción de frases simples : Motivos, periodos/frases, cun rexistro medio, e intervalos propios da tonalidade , con células rítmicas básicas nos compases tradicionais e cunha harmonía simple basada utilizando os grados tonais.
- Procedementos de imitación elaboración e transformación temática na melodía.
- Construcción de melodías a dúas voces polos distintos tipos de imitación contrapuntística..
- A construción de unha segunda voz a unha melodía.

- A forma canon.
- Construcción do acompañamento para unha melodía:
- Estudo analítico da creación e utilización de acompañamentos.
- Distintas fórmulas rítmicas para a creación de acompañamentos.
- Patróns rítmicos

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, CentrosNet , videochamada e/ou aula virtual.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indícarase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a este proba.